


CICLO



O surrealismo de Saramago no cinema

25 de outubro (terça-feira)

Com Javier Trigales

Enemy (Denis Villeneuve, 2013)

29 de outubro (sábado)

Com António Ferreira

e Tathiani Sacilotto

Embargo (António Ferreira, 2011)

5 de novembro (sábado)

Com Francisco Castro

José e Pilar (Miguel Gonçalves Mendes, 2011)

12 de novembro (curtametragens)

Com Severiano Casallerrey

A flor mais grande do mundo (2007)

Embargo (2019)

Sensitive islands (2012)

Death at intervals (2019)

Shepherd of dreams (2020)

Azinhaga (2010)

Desquite (2019)

19 de novembro (sábado)

Com Xosé Nogueira

Blindness (Fernando Meirelles, 2008)

Outubro e novembro de 2022

MARCO

Museo de Arte Contemporânea de Vigo
19.30 h (V.O. con subtítulos en castelán)

catedrasaramago.webs.uvigo.gal

Desenho: Álea de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Universidade de Vigo

Facultade de
Filoloxía e
Tradución

Cátedra
Internacional
José Saramago

POEPOLIT II

BiFeGa

PDIEL

Vicerreitoría de
Investigación
e Transferencia

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

Afundación
Obra Social ABANCA

INSTITUTO POLITÉCNICO
DE BRAGANÇA

ipb INSTITUTO POLITÉCNICO
DE BRAGANÇA

Sorbonne
Nouvelle

THE PARIS INSTITUTE
FOR CRITICAL THINKING

CAMÕES
CENTRO CULTURAL
PORTUGUÊS

CAMÕES
INSTITUTO
DA COOPERAÇÃO
E DA LINGUA
PORTUGUÊS

PARQUE NACIONAL ALBERTO FERREIRA
DAZ VILA NOVA DE
GAZAL

FUNDAÇÃO
BENJAMIM DE ALMEIDA

Fundação
José Saramago

UNIVERSIDADE
LUSÓFONA

Saramago
1922-2022

Crepal
SA 3421

ABELLA

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

abano

@ CISPAC

ILCML | INSTITUTO DE LITERATURA COMPARADA
MARGARIDA LOISA

FCT
Fundação
para a Ciência
e a Tecnologia

PORTO
FLUP FACULDADE DE LETRAS
UNIVERSIDADE DO PORTO

Ciclo de Cinema *O surrealismo de Saramago no cinema* **Comisariado por Abella Producións**

Museo de Arte Contemporánea de Vigo – MARCO | 25 – 19 de novembro

Horario: 19h30 | Proxeccións en V.O. con subtítulos en castelán

No contexto do centenario de José Saramago, este ciclo de cinema, impulsado pola I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e comisariado por Juan de Castro e Abella Producións, céntrase nos aspectos surrealistas que emerxen da obra do Premio Nobel de Literatura e que foron desenvolvidos nalgúñas das súas adaptacións cinematográficas. Non obstante, tamén serán abordados outros temas, como os elementos políticos, poéticos e biográficos dunha obra e personalidade universal, cuxas ideas non deixaron de ter unha actualidade manifesta. Ao longo de tres semanas, mostraranse no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO), tres longametraxes (*Enemy*, *Embargo* e *Blindness*), un documental (*José e Pilar*) e sete curtametraxes (tres delas producidas na Galiza). Cada unha das cinco sesións vai estar presentada por persoas implicadas na realización e/ou produción dos filmes, así como do ámbito cinematográfico. Ao final de cada sesión, terá lugar unha conversa de 20 minutos coas personalidades convidadas.

Enemy (O Homem Duplicado), dirixido por Denis Villeneuve
(Canadá 2013)

25 de outubro | Presentado por Javier Trigales

Título: *O Home duplicado*

Título orixinal: Enemy

Ano: 2013

Duración: 91 min

Idioma: versión orixinal - Subtitulado en español

Xénero: drama

País: Canadá

Dirección: Denis Villeneuve

Guión: Javier Gullón, baseado na novela de José Saramago

Fotografía: Nicolas Bolduc

Reparto: Jake Gyllenhaal, Mélanie Laurent, Sarah Gadon, Isabella Rossellini, Joshua Peace, Tim Post, Kedar Brown, Darryl Dinn, Misha Highstead, Megan Mane, Alexis Uiga.

Sinopse: Adam (Gyllenhaal) é un afable profesor de historia que leva unha vida bastante monótona. Un día, vendo unha película, descobre un actor que é idéntico a el. Obsesionado coa idea de ter un dobre, a procura dese home terá para el consecuencias inesperadas... Libre adaptación da novela *O homem duplicado*, de José Saramago.

Premios:

2013: Canadian Screen Awards: 5 premios, incluíndo mellor director; Festival de San Sebastián: Sección oficial de longametraxes a concurso; Festival de Sitges: Sección oficial longametraxes (fóra de concurso)

Javier Trigales é guionista, crítico de cinema (con traballos para Globomedia, La Dalia Films, Shine Iberia, Eye Slice Pictures e Bambú Producciones) e profesor de audiovisual en diversas escolas, museo e centros culturais. O seu último traballo, a longametraxe *Viejos*, distribuído por Filmax, estrearase mundialmente no próximo Festival Internacional de Fantasía, en Montreal. Foi director de programación do festival Cineuropa, así como programador en moitos outros festivais, mostras e ciclos. É comisario audiovisual e traballa na xestión cultural de moitos organismos públicos e entidades privadas. Por último, colabora como periodista cultural en varios medios de comunicación locais e nacionais. É membro da AGPXC, da AGAG, da AICE e foi xurado nunha serie de festivais internacionais.

PROGRAMACIÓN

25 de outubro (martes) | Presentado por Javier Trigales

- *Enemy (O Homem Duplicado)*, dirixido por Denis Villeneuve (Canadá/España 2013)

29 de outubro (sábado) | Presentado por António Ferreira e Tathiani Sacilotto

- *Embargo*, dirixido por António Ferreira (Portugal 2010)

5 de novembro (sábado) | Presentado por Francisco Castro

- *José e Pilar*, dirixido por Miguel Gonçalves Mendes (Portugal 2010)

12 de novembro (sábado) | Presentado por Severiano Casalderrey

Sesión de curtametraxes

- *A flor máis grande do mundo*, dirixido por Juan Pablo Etcheverry (España 2017)
- *Embargo*, dirixido por Noa Castro e Pepe Eiras (España 2018)
- *Sensitive Islands*, dirixido por Stefaan van Biesen (Bélxica 2012)
- *Death at intervals (As Intermitências da Morte)*, dirixido por Alexander Golubeff (2019)
- *Sheperd of dreams*, dirixido por Paulo Fajardo (Portugal 2020)
- *Azinhaga*, dirixido por Miguel Gonçalves Mendes (Portugal 2007)
- *Desquite*, dirixido por Uxue Reinoso Roldan, Amy Egan, Iker Orueta Esparza, Laida Ruiz Juarros e Judit Porto Mariño (España 2019)

19 de novembro (sábado) | Presentado por Xosé Nogueira

- *Blindness (Ensaio sobre a Cegueira)*, dirixido por Fernando Meirelles (Brasil 2008)